



Boletín Nº 89. Martes, 21 de abril de 2009

[III. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA](#) [XUNTA DE GALICIA](#) [CONSELLERÍA DE TRABALLO](#) [DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA](#) [SERVIZO DE RELACIÓNS LABORAIS](#)

ANUNCIO Pág. 6067 Reg. 09/4538-x.

Revisión salarial do convenio colectivo de limpeza industrial da refinería de Repsol Petróleo da Coruña

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo de LIMPEZA INDUSTRIAL DA REFINERÍA DE REPSOL PETRÓLEO DA CORUÑA, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 16.3.09, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 12.2.09, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.–Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.–Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.–Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 30 de marzo de 2009.

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: María Debén Alfonso

A Coruña, a 12 de febreiro de 2009.

ACORDO DA COMISIÓN PARITARIA DO "CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL DA LIMPEZA INDUSTRIAL DA REFINERÍA DE REPSOL-PETRÓLEO DE A CORUÑA"

De acordo co artigo 9.º do citado convenio, aplícase para o ano 2009 unha subida inicial do IPC previsto polo Goberno do Estado máis un punto (total 3%) a todos os conceptos económicos deste convenio, incluído o “complemento de antigüidade consolidada”.

O “retén” terá un incremento de 6 euros segundo o artigo 18.º do citado convenio.

Unha vez aplicado o anterior, créase a nova táboa salarial que se adxunta ao presente documento.

Sen máis asuntos que tratar e en proba de conformidade firma a “comisión paritaria”.

Asdo. José Luis Rodríguez García.

Asdo. Xabier Souza Vázquez.

CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL DA LIMPEZA INDUSTRIAL DA REFINERÍA DE REPSOL-PETRÓLEO DE A CORUÑA

TÁBOA SALARIAL 2009

	Día	Mes	Ano
ADMINISTRATIVOS			
Oficial de primeira	40,39	1.211,62	18.174,30
Oficial de segunda	35,98	1.079,24	16.188,60
Auxiliar	32,89	986,68	14.800,20
MANDOS INTERMEDIOS			
Encarado xeral	41,51	1.245,19	18.677,85
Encargado de zona	38,54	1.156,05	17.340,75
Encargado de sector	36,94	1.108,15	16.622,25
PERSOAL DE LIMPEZA			
Conductor-limpador	36,01	1.080,24	16.203,60
Especialista	34,36	1.030,79	15.461,85
Encarado	31,75	952,50	14.287,50
Peón especialista	30,49	914,70	13.720,50
Responsable de equipo	30,20	905,91	13.588,65
Peón limpador	29,72	891,72	13.375,80
PLUSES			
Asistencia	2,23	66,92	803,04
Transporte	2,22	66,52	798,24
Actividade	0,98	29,40	323,40
Tóxicos	20% do salario base		
Nocturnidade	30% do salario base		

Máxima	8,06
Retén	131,96
horas extras normais	11,31
Horas extras festivas	12,92
DIETAS	
1 comida	16,09
2 comidas	28,80
Dieta completa	48,00

Os salarios diarios, agás o de máxima, son a título informativo. Os conceptos económicos que figuran na presente táboa supoñen un incremento do 3% sobre os vixentes no ano 2008, agás o retén que supón un 4,76%.

Reg. 09/4538-x



www.cigservizos.org